



APRENDEMOS A BUSCAR EN INTERNET

CADERNOS DA REIBONTECA
| **Equipo de biblioteca do CEIP de Reibón**




BUSCAR EN INTERNET

Navegador e buscador.

O primeiro que debes ter claro é que **navegador** e **buscador** non son o mesmo aínda que utilizas ambas ferramentas para navegar por internet. Se queres redactar un traballo no teu ordenador debes utilizar un programa de tratamento de textos (WORD, OPENOFFICE, LIBREFOFFICE) porque son os instrumentos que utilizan os ordenadores para escribir. Pero cando queres entrar en internet precisas un navegador, que é a ferramenta que utiliza o ordenador para entrar na rede. Na ilustración podes ver o nome dalgúns dos navegadores máis populares.



Todos os navegadores teñen una barra de navegación onde aparece o nome da páxina na que estás ou onde podes escribir o nome da páxina á que queres entrar. Se queres entrar na páxina do colexio de Reibón, deberás teclear reibon.com na barra e chegarás á páxina web da Reibonteca.





BUSCAR EN INTERNET

O buscador



Pero non sempre sabes onde debes entrar para atopar o que buscas. Daquela precisas abrir un buscador que pesquede por toda a internet o que

estas a buscar.

Imaxina que queres averiguar en que país africano nace o río Zambeze. O buscador encárgase de buscar onde podes atopar esa información. Así pois, imos polos buscadores.

Cales son os mellores buscadores?

Hai moitos buscadores. Imos presentarche uns poucos:

BUNIS

É o buscador máis sinxelo, ofrece poucos resultados, pero simplifica o traballo de seleccionar entre moita información. Buscador ideal para a casa porque os pais poden ter máis control sobre o seu uso se se rexistran previamente cun correo electrónico e un contrasinal. Interesante para os máis pequenos.






BUSCAR EN INTERNET


DuckDuck Go.

Podes elixir a lingua, ten o galego como opción, non rastrea os usuarios, filtra contidos eliminando os que se consideran non axeitados para nenos. Podes buscar páxinas web, imaxes e vídeos. Permite buscar páxinas dun país concreto.



BING

É o buscador de Microsoft e ofrece ademais de buscas, a posibilidade de acceder, previo rexistro ao paquete de programas de Office (Word, powerpoint, etc) Online Permite buscar páxinas web, imaxes, vídeos, mapas e novas referidas ás palabras que introduciches.






BUSCAR EN INTERNET


ASK (es.ask.com)

É un buscador que che permite atopar facilmente respostas ás preguntas máis comúns. O malo, a cantidade de publicidade. Ten a vantaxe de que ofrece contidos ben organizados e limitados. É recomendable cando buscas cousas moi concretas, por exemplo que día naceu Cervantes.



QWANT www.qwant.com

É un buscador que che presenta os resultados en varios paneis. Un para páxinas web, outro para noticias e outro para redes. Ademais tes a opción de imaxes e vídeos. Podes confuiguralo para que che apareza en español. De momento non ten a opción do galego.






BUSCAR EN INTERNET


WOLFRAM ALPHA

Wolfram Alpha é un buscador de datos que ten o inconveniente de estar en inglés. Por exemplo realizas a busca de Francia e dache número de habitantes, extensión, países limítrofes... Tamén podes buscar unha palabra e verás que che aparece. Busca por exemplo a palabra “ask”. Para os maiores que controledes un pouco a lingua dos Beatles está ben. Ten moitas máis cousas que poddees investigar pola vosa conta.



TEOMA

Este buscador ten un apartado específico de recitas e mapas, ademais dos habituais en todos os buscadores convencionais.





BUSCAR EN INTERNET

COMECEMOS A BUSCAR



O primeiro problema: que temos que resolver é **que palabras clave introduzo no buscador?**


Escolle varias palabras específicas do tema. Imaxina que estás buscando cantas linguas se falan no Senegal. Pois ben, podes escribir as dúas palabras clave:

lingua senegal

Non importa que as escribas en minúscula pois o buscador non distingue maiúsculas nin signos de puntuación. Aos buscadores tampouco lle importan as palabras de uso moi frecuente como o ou a. Se buscas os movementos do corazón, podes escribir soamente corazón e movementos. Non precisas escribir unha oración.

Ás veces deberás introducir máis termos para reducir os campos de busca. No caso de que tiveses que buscar información sobre un cantante que se chamaba Guardiola e escribes no buscador:

guardiola



Atoparás un mogollón de datos sobre un entrenador de fútbol chamado Pep Guardiola, pero non é iso o que buscas. Deberías delimitar a busca introducindo un termo que aclare máis. Propoñémosche que busques:



BUSCAR EN INTERNET

guardiola cantante

Que tal? Atopaches algo? Proba en dous buscadores diferentes e compara os resultados.


Podes dicirnos onde naceu?

E o título dalgunha canción súa que tivese éxito?

Que farías para escoitar esa canción? Proba no buscador.

Conseguiches escoitala? Que buscador che permitiu buscalo en menos tempo?

Aprendiches que seleccionar as palabras coas que vas buscar é moi importante.




Un dos problemas para comezar é o de seleccionar entre varios centos de miles de páxinas aqueles que máis che poden interesar. Debes ter en conta que os buscadores poñen primeiro as webs que a eles lles interesan non as que che interesan a ti. Por iso, unha das cousas máis difíciles en internet é saber distinguir as páxinas que che poden ser útiles das que non.



Para iso é necesario ler a descrición da páxina que aparece no buscador.



BUSCAR EN INTERNET



Nese pequeno resume da páxina poderás ver se é o que buscas ou non. Na imaxe superior podes ver unha imaxe do buscador “qwant”. Os demais buscadores son moi semellantes como podes ver nas imaxes da parte inferior.





BUSCAR EN INTERNET



Busca a resposta a estas preguntas:

- Quen foi John Huston?
- Onde naceu Napoleón?
- Que películas poñen nos multicines Norte de Vigo esta semana?
- Quen ten o récord de España de salto de lonxitude?
- Onde está Petra?
- A que hora haberá maré baixa?
- En que ano se descubriu o Lago Victoria?
- Localiza en que país se atopa este lago.
- A que hora temos autobús para ir a Cangas despois das 17 horas?
- Onde están as illas Sisargas?
- Por que é coñecido en todo o mundo Lewis Carroll?
- ¿Cuántos habitantes ten Moaña? E Vigo?
- Existen hoteis en Vilaboa?
- Busca o título de 2 películas de Angelina Jolie.
- En que ano se descubriu Brasil?







BUSCAR EN INTERNET

Que facer cando buscamos unha imaxe?

Case todos os buscadores teñen a opción de buscar as imaxes. Se o teu buscador é Google, tes ademais a posibilidade de seleccionar o tamaño, con cor ou sen ela, de uso libre ou suxeita a permisos para poder utilizala... Como verás na imaxe.




As opcións de Google para a busca de imaxes son moi interesantes. Seguro que algunha vez terás visto nun traballo dun amigo que colocou unha imaxe que cando a agranda se ve moi mal. Iso sucede porque non fixo unha boa selección nas ferramentas de busca. Se buscas unha imaxe que teña calidade deberás






BUSCAR EN INTERNET

seleccionar un tamaño grande ou medio




Hai outro apartado que pode resultar interesante, que é o que está no menú tipo. Que podes seleccionar? Pois aí seleccionas se buscas unha cara, unha foto, unha imaxe

predeseñada, un debuxo de liñas...



Se seleccionas cara, isto é o que obtes na mesma busca:

Pero se seleccionas "imaxes predeseñadas" obterás isto:







BUSCAR EN INTERNET

Nas túas buscas en internet hai unha cousa que non debes perder de vista: o teu **OBXECTIVO**.

POR QUE É TAN IMPORTANTE? Se realizas a busca de tuareg en Google, o buscador darache 25.600.000 resultados. Podes velo marcado na ilustración.



Se te pos a mirar unha por unha, non acabas na vida, así que hai que botarlle un ollo á descrición de cada entrada ou refinar máis a busca engadindo algún termo relacionado co que estás a buscar,; por exemplo, vivenda, arte, relixión, cultura, etc. Canto máis restrinxas a busca menos terás que seleccionar. Por exemplo, se restrinxes a busca a “tuareg arte”, só atoparás 460.000 páxinas.





BUSCAR EN INTERNET

COMO SABER SE UNHA PÁXINA É FIABLE

Cando buscas información en internet debes ter en conta que calquera pode colgar información, pero non todo o que se pon en internet é verídico nin todas as páxinas son fiables. Non o cres? Imos poñerche soamente un reto: Busca a altura da Sagrada Familia de Barcelona atoparás diferenzas tan notables como:

Wikipedia: 172,40 m

Gaudiallgaudi: 112 m

Wikiarquitectura: 170 m.

Holidayguru: 100 m.

Conclusión? Nunca te fías dunha soa páxina e contrasta os datos buscando en 2 ou 3 páxinas.

Non te fíes moito das páxinas de información que están cheas de publicidade. O único que lles interesa é que moita xente entre nelas para cobrar dos seus àtrocinaidores.

Tamén podes buscar datos sobre a páxina para saber se podemos confiar nos seus datos ou non:

- Que é o autor ou autora? Tten algunha acreditación que nos permita fiarnos do que pon, algún título, recoñecemento?
- É a páxina dunha institución (Real Academia, Colexio Oficial, Ministerios...)
- Está actualizada ou leva anos abandonada?
- Cal é o obxectivo da páxina? Unha páxina que pretende vender un produto vai destacar as cousas boas e ignorar as que non son tanto.
- A quen vai dirixida? Por exemplo, é para especialistas nun tema ou é para calquera público? Está feita para adultos ou para nenos?
- É doado navegar por ela? É fácil de ler?


Se tes en conta isto, quizá a información que obteñas sexa máis veraz e máis fácil de utilizar. Lembra que é moi importante que entendas a información que atopes para poder utilizala.



BUSCAR EN INTERNET

GARDAR AS PÁXINAS QUE ME INTERESAN


Unha maneira fácil de gardar unha páxina que che interesa é incluíla nos favoritos. En todos os navegadores faise de xeito moi semellante: Observa a parte superior dereita das fiestras do navegador. Ves unha estrela? Esa é a ferramenta que engade a páxina aos teus favoritos e iso permite que non teñas que andar a busca seguido, xa a terás na túa carpeta de páxinas favoritas.





BUSCAR EN INTERNET

Na seguinte ocasión que entres deberás buscar a páxina FAVORITOS ou MARCADORES para acceder ás que teñas gardadas. Olla a ilustración:



SABES QUE PODES CREAR CARPETAS E CLASIFICAR AS TÚAS PÁXINAS FAVORITAS COMO QUEIRAS?

PARA BUSCADORES EXPERTOS

Se xa es un buscador experto, poden ser útiles algúns “trucos”. Tamén debes saber que non che serven para todos os buscadores.

TRUCO 1

Como buscar unha frase completa?


O meu profesor de lingua mandoume averiguar cal é o título dun poema que contén este verso: El lagarto está llorando. Ou ben o profesor de música preguntoume o título dunha canción e eu soamente me lembro que a letra di: Bailaches Carolina? Bailei, si señor.



BUSCAR EN INTERNET


Podo aplicar a solución menos práctica de todas: pónome a ler todos os libros de poesía ou os cancioneros que hai na biblioteca e cun pouco de sorte, antes de morrer atoparei a solución.

Máis doado é poñer no teu buscador a frase exacta que buscas entre comiñas:



“el lagarto está llorando”.

Velaí terás a man a solución



TRUCO 2



BUSCAR EN INTERNET

Se quero buscar varias palabras clave combinadas.

No exemplo que había unhas páxinas máis atrás, tivemos que buscar guardiola cantante. Proba que pasa se buscas **guardiola + cantante** ou **tuareg + coche**.

TRUCO 3

Eliminamos termos da busca

Se buscas a palabra Tuareg, é posible que che saian moitas páxinas dunha axencia de viaxes. Se queres que o buscador, neste caso funciona en Google, exclúa as axencias de viaxes ou as viaxes, deberás escribir no buscador:

Tuareg -viaxes

TRUCO 4

Buscar frases

Se quero buscar palabras nunha frase concreta ou nunha orde determinada, debería escribir a frase entre aspas ou comiñas. Por exemplo, escoitei un trabalinguas que falaba de Bueu e sei que empezaba por “Se vou a Bueu”, deberei escribir a frase así:

“se vou a Bueu”

Ás veces pode ocorrer que debo buscar unha frase pero non me acordo dalgunha palabra en concreto. Tamén hai solución para iso. As palabras que non coñezas podes substituílas polo asterisco.

“*turco”

O buscador devolverache todas as páxinas que conteñan turco con calquera palabra diante. Pode darche resultados de idioma turco, traxe turco, alfabeto turco, conto turco

TRUCO 5

Se fas a busca das palabras en inglés, seguramente atoparás máis resultados. Isto é interesante para a busca de imaxes.

TRUCO 6


Como busco unha definición?

A túa investigación está centrada en saber máis sobre as plantas e resulta que no libro que estás lendo apareceu a palabra fanerógama e descoñeces o seu significado. Recorre ao teu buscador e escribe:

define: fanerogama. (Olla a imaxe)



BUSCAR EN INTERNET



Aí tes algunhas páxinas nas que se define o que é unha planta fanerógama.

Claro que tamén tes a opción de acceder á páxina web do dicionario da Real Academia Galega

(www.academia.gal/diccionario) ou ao da Real Academia Española (<http://dle.rae.es/diccionario>) e buscar a palabra en cuestión.


Truco 7

Como buscar páxinas parecidas a unha que xa visitaches?

Estou buscando contos de África e atopei unha páxina que me pareceu moi interesante.

www.ikuska.com/Africa/Etnologia/

Gardeina nos favoritos pero quero buscar páxinas semellantes a esta. **Facelo é**



sinxelo se conoces a palabra máxica.

Proba a escribir:

related: ikuska.com/Africa/Etnologia



BUSCAR EN INTERNET

Truco 8

Buscar determinados tipos de documentos


Busco documentos: Debo teclear a palabra clave da busca e depois poñer: **"filetype:doc"** se busco un documento de word. Cando preme no enlace, baixará o documento ao meu ordenador. Por exemplo se busco un documento que conteña as normas de acentuación, deberei escribir, por exemplo: **"acentuacion filetype: doc"**

Tamén podes buscar outro tipo de documentos como os PDF. A diferenza cos .doc os PDF non podes editalos e modificalos, cousa que si podes facer cos outros. O mesmo podes facer para buscar unha presentación de Powerpoint. Nese caso deberás escribir; **"filetype: ppt"**.

USO ÉTICO DA INFORMACIÓN

Hai unhas normas de comportamento que se deben seguir cando elaboras os teus traballos:

Cita as túas fontes electrónicas poñendo o nome da páxina de onde sacaches a información.



Cita esta páxina que utilizaches para o teu traballo escribindo opo copiando a dirección electrónica. Neste caso sería:

<http://www.survival.es/indigenas/bosquimanos>

Usa imaxes e información que sexan de uso aberto ou permitido (Podes seleccionalo no buscador Google), moitas delas teñen o distintivo Creative



BUSCAR EN INTERNET

Commons que permite o seu uso e reprodución en determinadas condicións (normalmente cando non se fai uso comercial ou lucrativo)



ÍNDICE ALFABÉTICO DE TRUCOS

Que queres facer?	Debes escribir
Buscar a definición dunha palabra	Escribir: define:palabra
Buscar documentos PDF	Escribir a palabra clave + dous puntos + "filetype:pdf"
Buscar documentos de Word	Escribir a palabra clave + dous puntos + "filetype:doc"
Buscar páxinas que conteñan dous termos ou palabras	Palabra A, poñer + e palabra B
Eliminar termos dunha pesquisa	Escribir a palabra ou palabras clave seguido de "-palabras a eliminar" Tiburón -coche
Buscar final ou principio dunha palabra.	Escribir a parte da palabra coñecida e antes ou despois asterisco.: "*meta"
Buscar unha frase que conteña certas palabras.	Escribir as palabras da frase que coñezas e substituír as que buscas por asteriscos. "manolo * matou a *"
Buscar unha frase :	Escribir entre comiñas ("Frase")
Buscar páxinas parecidas a unha	Escribo related:páxina related:www.reibon.com



Imos experimentar se os trucos que vimos antes funcionan. Proponémosche que busques o que se indica na lista que segue e que anotes que estratexias empregaches e que trucos che resultaron nútiles.

Anímaste?

Averigua en que cidades ou museos podes visitar estes monumentos e obras de arte:

- Neocova de Altamira.
- A Sereíña.
- Guernica de Picasso.
- As Burgas.
- Museo do Humor
- Empire state building
- A Praza da Verdura
- Torre Ostánkino

Engade estas páxinas aos Marcadores ou Mis Favoritos

- Unha páxina de receitas de cociña
- diccionario da Real Academia Galega.
- A páxina do teu equipo favorito
- Copia o contido das receitas nun documento de Word
- Receita dos espaguetes á boloñesa.
- manual de instrucións da PS4

Busca e garda as seguintes imaxes no voso cartafol:

- A Sagrada Familia.
- Un Pastor Alemán.
- Mapa do metro de Madrid.
- Taj Mahal
- Mesquita de Córdoba
- Acrópole de Atenas
- Cidade Inca Machu Pichu



BUSCAR EN INTERNET

- Kilimanjaro
- Citroen Tiburón
- Mapa xeográfico de Europa
- Cadro das Meninas
- Escudo do Celta
- Portada do último CD de Gemeliers
- Reis de España

Visita los siguientes monumentos:

- Torre Eiffel.
- O Coliseo de Roma.
- A estatua de la liberdade.
- O acueducto de Segovia.



Unha publicación da Biblioteca
Escolar do CEIP Reibón